


DÍA DE ROSALÍA

23 DE FEBREIRO DE 2025



*Cantarte hei, Galicia,
na lingua galega,
consolo dos males,
alivio das penas.*

Rosalía de Castro

**CEIP Plurilingüe Bragade
Oza-Cesuras [A Coruña]
CEIP Ramón de la Sagra
A Coruña
CEIP Juan Fernández Latorre
A Coruña
CEIP Cidade Vella
A Coruña
CEIP Juana de Vega
Nós-Oleiros [A Coruña]
CEIP Rosalía de Castro
A Coruña**

**CEIP Fogar
Carballo [A Coruña]
CEIP Ramón Otero Pedrayo
A Laracha [A Coruña]
CEIP Emilia Pardo Bazán
A Coruña
CEIP Plurilingüe Sofía Casanova
Culleredo [A Coruña]
CEIP Vicente Otero Valcárcel
Carral [A Coruña]
CEIP Plurilingüe Manuel Murguía
A Coruña**

ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro naceu en Conxo (Santiago de Compostela) o 23 de febreiro de 1837 e foi bautizada ao día seguinte cos nomes de María Rosalía Rita. Era filla dun crego, José Martínez, e de María Teresa da Cruz.

Viviou a súa infancia nas vilas de Ortoño e Padrón e, posteriormente, en Santiago de Compostela, cidade na que recibiu formación musical, artística e literaria, participando moi activamente nas actividades do Liceo da Xuventude, onde coñeceu a Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Juan Manuel Paz Novoa...

Con dezanove anos marchou a Madrid e é nesta cidade onde casa con Manuel Murguía, co que tería sete fillos e publica o seu primeiro poemario, en castelán, *La Flor*.

No ano 1863 Rosalía editou o seu primeiro poemario en galego, *Cantares Gallegos*. Naquela época non se editaban libros no noso idioma. O dezasete de maio dese mesmo ano dedicoulle o libro a Fernán Caballero. Cén anos despois, en 1963, esa data foi a escollida como o Día das Letras Galegas.

A este libro seguíronlle *Follas Novas*, *En las orillas del Sar*, *El caballero de las botas azules...* ata un total de dezoito títulos.



Rosalía de Castro



Manuel Murguía

QUE SABES DE ROSALÍA? _____

1. Onde naceu Rosalía de Castro? Completa.

X -



2. En que data? Colorea.



3. Que tres nomes lle puxeron no seu bautizo? Completa.

í

í

i

4. Completa as oracións relacionadas coa biografía de Rosalía de Castro coas palabras do recadro.

1837	Fernán Caballero	dezaoto	Murguía	castelán
<i>El caballero de las botas azules</i>	Ortoño	sete	Xuventude	
Compostela	maio	<i>Follas novas</i>	<i>En las orillas del Sar</i>	
libro 23	Liceo	17	<i>La flor</i>	Padrón febreiro

❑ Rosalía de Castro naceu o _____ de _____ de _____.

❑ Pasou a súa infancia nas vilas de _____ e _____.

❑ En Santiago de _____ participou nas actividades do _____ da _____.

❑ Casou con Manuel _____ co que tivo _____ fillos.


❑ O primeiro _____ en _____ titulábase _____.

❑ Dedicoulle *Cantares Gallegos* a _____, o día _____ de _____ de 1863.

❑ Ao longo da súa vida Rosalía de Castro escribiu un total de _____ libros.

❑ A *Cantares Gallegos*, o seu primeiro libro de poemas, editado no ano 1863, seguíronlle máis libros, entre eles, _____, _____, _____...

O ENCRUCILLADO DE ROSALÍA





HORIZONTAIS

1. Mes no que naceu Rosalía de Castro.
2. Unha das localidades nas que pasou Rosalía a súa infancia.
3. Cantos fillos tiveron Manuel Murguía e Rosalía?
4. Cidade á que marchou Rosalía aos dezanove anos.
5. Idioma no que está escrito o seu libro *Cantares Gallegos*.
6. Apelido do marido de Rosalía de Castro.
7. Outra localidade coruñesa na que pasou Rosalía a súa infancia.

HORIZONTAIS: 1. FEBREIRO 2. ORTÓN 3. SETE
4. MADRID 5. GALEGO 6. MURGUÍA 7. PADRÓN


OS TAUMATROPOS DE ROSALÍA

O taumatropo é un xoguete óptico que se emprega para producir movemento nas imaxes. Como se fai? Moi doado: fai un debuxo relacionado cos libros de Rosalía de Castro nos cadrados, coloréaos, recorta os círculos e pégaos cun espeto polo medio. Dálle voltas para que xire moi rápido e... xa está. Xa podes ver como quedarían as portadas dos libros.



O DADO DE ROSALÍA

Recorta, monta o dado coas preguntas sobre a biografía de Rosalía de Castro... e a xogar!



XAN

Xan vai coller leña ao monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podar as viñas,
Xan vai a apañar o esterco,
e leva o fol ao muíño,
e trae o estrume ao cortello,
e vai á fonte por auga,
e vai a misa cos nenos,
e fai o leito e o caldo...
Xan, en fin, é un Xan completo,
deses que a cada muller
lle conviña un polo menos.
Pero cando unha busca un *Xan*,
case sempre atopa un *Pedro*.

QUE SABES DA POESÍA? _____

1. Como se chama o protagonista da poesía?

2. Que é o esterco ese que vai apañar Xan? Arrodeas.

Instrumento musical redondo e con ferreñas

Castañas cocidas coa pela

Excrementos dos animais mesturados con palla, toxo...

3. E a onde leva o esterco despois de apañalo?

4. Un cortello é un lugar pequeno, cuberto e cerrado, onde se garda o gando, especialmente dous animais. Sabes cales son?

troitas e formigas porcos e xatos miñocas e piollos

5. E que vai coller Xan ao monte?

6. Relaciona as palabras das dúas columnas.

fonte ☐

☐ **esterco**

podar ☐

☐ **muíño**

apañar ☐

☐ **cortello**



fol ☐

☐ **viñas**

estrume ☐

☐ **auga**

O ENCRUCILLADO DE XAN




HORIZONTAIS

1. Corte pequena, especialmente a dos porcos e xatos.
2. Lugar onde mana auga. Construción cun ou varios canos por onde sae auga.
3. Vexetación propia do monte como toxos, queiroas, fentos, herba etc. que se aproveita principalmente para estrar a corte.
4. Cortar cada ano as pólas dunha árbore ou dun arbusto.
5. Saco ou bolsa, en principio de coiro, ou obxecto de forma parecida.
6. Edificio onde está instalado algún aparello para moer ou para triturar certos produtos, como cereais, olivas etc
7. Recoller algo, como uns froitos, patacas, herbas, toxos...

HORIZONTAIS: 1. CORTELO 2. FONTE 3. ESTRUME
4. PODAR 5. FOL 6. MUÑO 7. APAÑAR

ONDE VAI XAN? _____

Que camiño ten que coller Xan para chegar á fonte ? Colorea.



UNS VERSOS DE CANTARES GALLEGOS

Repara no código do recadro e completa estes versos de *Cantares Gallegos*. Fai un debuxo relacionado cos versos.

																	
A	B	C	D	E	F	H	i	L	M	N	Ñ	O	P	R	T	U	S

DÍA DE ROSALÍA

23 DE FEBREIRO DE 2025

